

CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello s/n
27240 Meira
Lugo
Teléf.: 982 330 102
Fax: 982 104 090
CIF: P2702900H
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

PILAR ROZAS ALONSO, SECRETARIA- INTERVENTORA ACCIDENTAL DO CONCELLO DE MEIRA.

CERTIFICO: que a Xunta de Goberno Local deste concello na sesión ordinaria celebrada o día 13 de marzo de 2023, adoptou – entre outros- o acordo literal seguinte:

DECLARAR DESERTO O CONCURSO DE ARRENDAMENTO DO BEN INMOBLE MUNICIPAL DEDICADO A RESTAURANTE-CAFETERÍA O MUIÑO, SITO NO PARQUE PROFESOR RÍO BARJA.

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 20 de febreiro de 2023 se procedeu ao inicio do expediente de licitación de explotación do ben patrimonial sito no Parque Profesor Río Barja, e se prestou aprobación ao prego de cláusulas administrativas que rexen o procedemento.

Visto que con data 22 de febreiro de 2023 se procedeu á publicación na plataforma de contratos da Xunta de Galicia da licitación do arrendamento mediante o sistema de concurso, polo prazo de 15 días naturais, finalizando o prazo de presentación de ofertas o día 9 de marzo de 2023 ás 14:00 horas.

Así mesmo tamén se deu publicidade na páxina web municipal e portal de transparencia.

Visto que pola secretaria-interventora do concello se emite certificado de que rematado o prazo de presentación de ofertas non presentou oferta ningún licitador.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro membros asistentes, que son o número que legalmente a constitúen, e en votación ordinaria,

ACORDOU:

Primeiro.- Declarar deserta a licitación da explotación do inmovible sito no parque Profesor Río Barja, con destino a restaurante-cafetería O Muiño, mediante o sistema de concurso público, ao non presentar oferta ningún licitador.

Segundo.- Proceder á publicación do presente acordo no Perfil do contratante do Concello de Meira, páxina web municipal e portal de transparencia.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que se celebre.

E para que conste e surta os seus efectos, estendo a presente certificación da orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente, coa salvidade prevista no Art. 206 do Regulamento de



CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello s/n
27240 Meira
Lugo
Teléf.: 982 330 102
Fax: 982 104 090
CIF: P2702900H
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, en Meira na data da sinatura electrónica.

A secretaria accidental

Visto e prace
O alcalde
Antonio de Dios Álvarez

Documento asinado electrónicamente

